

CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES PARA O ALUMNADO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA NATUREZA (DAEN) NO MARCO DO PROGRAMA “RETONA AO RURAL CON CAMPUS TERRA” FINANCIADAS A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A USC E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN CAMPUS TERRA. CURSO 2024-25

MARCO XURÍDICO E OBXECTO

No marco do convenio de colaboración entre a USC e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, co fin de promover o retorno a territorios rurais e apoiar as pequenas empresas asentadas nel a través do Programa “Retorna ao Rural con Campus Terra”, asignouse á Facultade de Formación do Profesorado 1 bolsa para a realización de prácticas extracurriculares en empresas ou entidades situadas no rural de Galicia dirixidas a alumnado do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (DAEN) desta Facultade para o curso 2024-25.

En consecuencia, este decanato resolve:

- 1.- Convocar a concesión de 1 bolsa para realización de prácticas académicas extracurriculares** en empresas ou entidades situadas no rural de Galicia para estudiantes do Máster DAEN para desenvolver tarefas relacionadas coas saídas profesionais da dita titulación, por un período de **1 mes natural** e por un **importe total de 530 € por estudiante incluídos os gastos de seguridade social**.

A dotación destas prácticas inclúese na partida **8183-131A-64100** dos orzamentos da USC para o exercicio 2024.

2.- Establecer o seguinte réxime de prácticas extracurriculares:

- As prácticas terán carácter formativo. O obxectivo educativo destas prácticas é que o estudiante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.
- O estudiante seleccionado recibirá formación en actividades prácticas vinculadas ao ámbito de coñecemento da súa titulación baixo a dirección dun titor/a da entidade de acollida. Tamén contará con un/unha titor/a académico/a da USC para o seguimento das ditas prácticas.
- As actividades formativas organizaranse tendo en conta a dispoñibilidade do estudiantado e a súa compatibilidade académica.
- As prácticas estarán remuneradas de acordo co establecido no apartado 1 desta convocatoria, e serán compatibles coas bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación y Formación Profesional e da Xunta de Galicia. Porén, serán incompatibles con calquera outra que se poida percibir da USC para a realización da mesma práctica no mesmo período.
- As prácticas **terán unha duración dun mes natural cunha xornada semanal de 25 horas**, realizando deste modo 4 ECTS, tendo en conta que 1 ECTS equivale a 25 horas de traballo do alumno.
- **As prácticas poderán realizarse entre o 1 de maio e o 31 de xullo de 2025 (sen que poidan coincidir co período no que o/a estudiante estea facendo o Prácticum).**
- Estas prácticas estarán remuneradas con cargo á partida que se indica no apartado 1 desta resolución e serán incompatibles con calquera relación laboral retribuída. No caso de percibir retribucións por calquera outra actividade que non supoña relación laboral, deberán solicitar no prazo de 5 días a oportuna compatibilidade perante o órgano convocante, suspendéndose ata a súa concesión/denegación os dereitos e deberes inherentes a estas prácticas.
- A concesión e desenvolvemento das prácticas non establece relación contractual ou estatutaria coa USC nin coa entidade de acollida nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do/a interesado/a ao seu

cadro de persoal.

- Ningún estudiante poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución.
- Será o/a estudiante quen buscará unha empresa ou entidade situada no rural de Galicia na que se realicen actividades relacionadas coa temática do máster que estea disposta a acollelo/a para a realización das prácticas e a asinar o correspondente convenio no caso de que non o tivera xa asinado (os/as interesados poderán consultar en administración a relación de convenios vixentes).
- Non se poderán realizar estas prácticas na entidade na que se tivera realizado o Prácticum da titulación.

3.- Requisitos a cumplir polo alumnado para a realización destas prácticas extracurriculares

- Ser estudiante do Máster DAEN no curso 2024-2025. Deberá estar matriculado/a na data de comezo das prácticas e durante todo o período do seu desenvolvimento na modalidade de matrícula ordinaria.
- Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas académicas externas extracurriculares.
- Non manter ningunha relación contractual coa USC.
- Non manter relación contractual ou de parentesco coa empresa ou institución de acollida das prácticas.

4.- Solicitudes e prazos

- O alumnado que deseche realizar as prácticas deberá solicitalo mediante instancia dirixida á decana da Facultade de Formación do Profesorado co modelo que figura como **Anexo I** a esta convocatoria. A presentación de solicitudes farase a través do Rrexistro electrónico da USC: <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>.
- Xunto coa solicitude deberán presentar tamén cuberto e asinado pola empresa/entidade de acollida o **Anexo II**.
- Para seren admitidos/as ao procedemento de selección os/as aspirantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.
- A presentación da solicitude implica a aceptación das bases por parte de cada solicitante.
- O prazo para a entrega de solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación da convocatoria e remata o **25 de marzo de 2025**.

5.- Publicación de admitidos

O decanato da Facultade de Formación do Profesorado publicará no taboleiro electrónico da USC, a relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, coa causa da súa exclusión. As persoas solicitantes excluídas terán un prazo de 3 días naturais a partir do seguinte á publicación no taboleiro electrónico para a subsanación da causa que motivou a exclusión, quedando definitivamente excluídos/as de non facelo. De non haber solicitantes excluídos/as publicarase directamente a proposta provisional de candidatos/as seleccionadas conforme ao recollido nos apartados 6 e 7 desta Resolución

6.- Criterios de selección e adxudicación

A orde de prelación entre solicitantes virá determinada pola nota media do expediente académico na USC a data de finalización do primeiro semestre do presente curso 2024-25.

7.- Listas de seleccionados/as, matrícula e réxime de aseguramento

- O decanato elaborará unha resolución provisoria coa persoa candidata seleccionada e, de ser o caso, a listaxe de agarda por orde de puntuación que será publicada no Taboleiro Electrónico da USC.
- Contra esta resolución as persoas aspirantes poderán presentar reclamación no prazo 3 días naturais, contados dende a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo e á vista das reclamacións, o decanato ditará e publicará a resolución definitiva.

- Unha vez publicada a resolución definitiva, a decana procederá á designación do/a titor/a académico/a, quen deberá formar parte do Persoal Docente e Investigador do centro e comunicarao á/ao estudiante seleccionada/o.
- O réxime de aseguramento das prácticas será o establecido na normativa de seguridade social para as prácticas extracurriculares.

8.- Documentación a presentar e requisitos do alumnado seleccionado

- Unha vez publicada a resolución definitiva de adxudicación das prácticas a persoa seleccionada deberá formalizar a matrícula das prácticas na Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo, de forma presencial ou online a través do correo (uxa.lugo@usc.es), no prazo que se indique na resolución definitiva.
- O/A estudiante seleccionado/a deberá enviar por correo electrónico ao decanato da Facultade (formacionprofesorado.decanato@usc.es) a seguinte documentación no prazo que se lles indique:
 - ✓ formulario de datos para o pagamento das bolsas (**Anexo III**)
 - ✓ copia do DNI
 - ✓ certificado de conta bancaria para facer o ingreso da bolsa
 - ✓ certificado do nº da Seguridade Social e o modelo 145 do IRPF (retencións sobre rendemento do traballo)

9.- Plan de formación e obrigas dos estudiantes seleccionados

- As actividades formativas desenvolveranse durante o período das prácticas e deberán quedar acreditadas mediante control de asistencia, informe do/a titor/a e memoria de actividades a cargo da persoa beneficiaria.
- O/a estudiante está obrigado/a cumplir o plan de formación práctica proposto polo/a titor/a da entidade de acollida.
- O incumplimento das obrigas por parte do alumnado seleccionado dará lugar á revogación inmediata co cese na percepción da contía económica durante o tempo que reste da práctica, sen prexuízo da devolución das cantidades obtidas por incumplimento das obrigas e doutras responsabilidades que se lle puideran esixir.
- No caso de que o/a estudiante non poida cumplir as obrigas desta resolución poderá renunciar mediante a correspondente solicitude á decana da Facultade.

10.- Avaliación

- No prazo de 10 días naturais dende a finalización do período de prácticas cada estudiante deberá elaborar unha memoria final sobre as actividades realizadas que non debe superar as 1000 palabras e presentala á/ao titor/a académico.
- A avaliación das prácticas será realizada en acta electrónica xerada pola USC e será cuberta polo do titor/a académico/a á vista da memoria final e do informe do titor/a de prácticas externo. A cualificación será de “apto” ou “non apto”.
- Para avaliar favorablemente as prácticas á/ao estudiante, este/a non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas.

11.- Acreditación

Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o/a secretario/a da Facultade, a solicitude do/a titor/a académico/a, emitirá por cada estudiante que participou nas prácticas unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que só terá efectos académicos (no SET) logo da avaliación do/a titor/a académico/a da USC na correspondente acta.

12.- Lugar de notificación dos actos derivados desta resolución

De conformidade cos artigos 40 a 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, todas as notificacións practicaranse por vía electrónica a través do Taboleiro Electrónico da USC.

A decana da Facultade de Formación do Profesorado

M. Carmen Sarceda Gorgoso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/03/2025 14:08:54.

CSV: 61CF-897E-41F4-B940